

CIRCULAR 12/2015

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CONVOCATORIA DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLTA POLOS NÚCLEOS OFICIAIS DE TECNIFICACIÓN DA FGA 2013/2014

- Os Núcleos de Alto Rendemento Atlético (NARA)
- Os Núcleos de Iniciación e Tecnificación Atlético (NITA)
 - Os Núcleos Sectoriais Atlético (NUSA)
- Os Núcleos de Iniciación Básica Atlético 2 (NIBA 2)
- Os Núcleos de Iniciación Básica Atlético 1 (NIBA 1)

Ábrese un prazo ata o **28 de febreiro**, para que todos aqueles **núcleos de tecnificación** recoñecidos oficialmente pola FGA na tempada 2013/14 remitan por **correo ordinario** toda a actividade desenvolta polo seu núcleo dende o **día 1 de novembro do 2013 ata o día 31 de outubro do 2014**.

Tódolos núcleos deben remitir a maior información posible sobre os distintos aspectos contemplados no Plan Galego de Tecnificación: concentracións, seguimento de atletas, reunións de sectores, competicións, colaboración ca FGA, xornadas técnicas, etc.; segundo o modelo do anexo desta circular.

Unha vez recibida todala documentación, a **Comisión de Valoración de Núcleos de Tecnificación**, presidida pola Directora Técnica e composta por tres membros da Xunta Directiva e o Secretario Xeral da FGA, baremará cada núcleo co fin de asinar a cuantía económica acadada.

A Comisión non avaliará os apartados que non estén debidamente cumprimentados.

O representante do núcleo debe remitir por correo ordinario á FGA o **modelo de certificado** que se achega nesta circular e cada unha das **follas do documento de Excel**, asinadas individualmente e cubertas na súa totalidade.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



CERTIFICADO DO REPRESENTANTE DO NÚCLEO

D./ D^a., como responsable do Núcleo
..... da localidade,
recoñecido oficialmente pola Xunta Directiva da FGA,

CERTIFICA

Que os datos do Núcleo presentados para a súa baremación por parte da FGA,
correspondentes á tempada 2013/14, *son verídicos, asumindo que a falsedade dos datos
implicará a perda da cuantía económica a percibir.*

Asdo.

O representante do núcleo

Ena.....de.....do 2015

Nota: No caso de que o núcleo sufrise modificacións na súa composición técnica
(adestradores, directivos, etc.) con respecto á presentada na tempada 2013/14 débese
notificar á FGA.

Víctor Arufe Giraldez
Secretario Xeral Federación

A Coruña, 30 de xaneiro do 2015
(Asdo. no orixinal)